

Solucións

2ºESO AGRUPAMENTO

1ª SESIÓN

Páxina 121, **exercicio 3**:

Filmar: gravar cunha cámara de cine, televisión ou vídeo.

Guión: texto en que se exponen o argumento e os detalles técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha película ou dun programa de radio ou televisión.

Audiencia: conxunto de espectadores dunha emisión ou dun medio.

Concurso: xénero televisivo no que unha ou varias persoas disputan un premio.

Estudio de gravación: local destinado á gravación de programas de televisión.

Concursante: persoa que participa nun concurso.

Telespectador: espectador de televisión.

Grella: plano detallado do horario de emisións programadas diaria, semanal ou mensualmente por unha emisora.

Canle: estación de radio ou televisión.

- Filmada: rodada
- Grella: programación.
- Canle: cadea.
- Concursar: participar.

“ televisión”: telexornal, telelixo, televidente, teleadicto, telenovela.

“a distancia”: teléfono, telégrafo, telepatía.

*Actividade de resposta aberta.

Exercicio 4(resposta aberta). Unha posible resposta:

Programas deportivos: apaixonantes

Telenovelas: aditivas.

Documentais: educativos.

Concursos: enredantes.

Teleseries: entretidas.

Telexornais: rigorosos.

Anuncios publicitarios: engañosos.

Páxina 123, exercicio 1:

● Os cambios que provoca esta situación teñen que ver cos novos modelos de familia, nos que non sempre hai unha nai, ou hai máis dunha. Independentemente disto, hai que ter en conta que non son as nais as únicas que transmiten a lingua, tamén o fan os pais e as persoas que rodean e coidan ese cativo ou cativa.

● Actividade de resposta aberta. Debedes reflexionar sobre o peso dos diferentes axentes a través dos que as persoas aprendemos unha lingua. Cómpre que analicedes a vosa experiencia e que vos decatedes da situación particular que supón vivir nun espazo con dúas linguas ambientais.

Exercicio 2:

Bilingüismo individual: capacidade individual para falar e comunicarse en dúas linguas, posuíndo todas as destrezas para facelo.

Bilingüismo social: é aquel que se produce cando unha sociedade ten dúas linguas ambientais. Este bilingüismo leva asociada, na maior parte dos casos, unha conduta diglósica(os falantes cambian de lingua en función do interlocutor e contexto)

● Trátase de que reflexionedes sobre como usades as dúas linguas, en que contextos, con que interlocutores e buscar unha explicación para isto e que analicedes as destrezas que tedes en cada lingua. E que expresedes por escrito as conclusións ás que chegastes.

● Trátase de que vexades como perciben a situación lingüística de Galicia as persoas que proceden doutros espazos e que esas persoas poñan en común as súas propias historias lingüísticas.

Páxina 127, exercicio 1:

Agudas: control, ademais, baúl, pa.

Graves: acne, neon, álbum, fácilmente, útil, traquea, balea.

Esdrúxulas: mágoa, rubéola, océano, bágoa.

Exercicio 2:

Mísil, parasito, pelicano, medula, elite, heroe, atmosfera.

2ª SESIÓN

Páxina 127, exercicio 3:

Pór “poner, colocar”/ **Por**: preposición.

ÁS: a (preposición) + as (artigo); “alas”, “carta da baralla”/ **As** : artigo, pronome.

Vén : presente do verbo vir/ **Ven**: presente do verbo ver; imperativo do verbo vir.

Chá: “plana”/ **Cha** : pronome che+pronome a

Cómpre: “ é necesario”/ **Comp্রে**: “ merque”.

Exercicio 4: Pola póla da árbore ía unha pola camiñando.

Os cans comen ósos e os osos comen salmóns.

Non vaias con tanta présa que agora che dou a presa de sal.

Non te decataches de que tomou o té de pé?

No xantar quixo desfacer o nó da gravata para estar máis cómodo, mais non lle deixaron.

Exercicio 5:

-Imos entrar todos e agora mesmo; se algo lle pasa a pedro nós temos que axudalo, porque estamos todos metidos nisto xuntos, e todos xuntos temos a obriga de coidar de que a ninguén lle pase nada malo. Ademais, se hai que axudalo, cantos máis sexamos, mellor[...]

-Non, Cristina- corrixiu Delio- , é mellor que miguel quede fóra, e , se algo nos pasa a nós, que vaia a correr a Eiranova para pedir axuda.

- Tes razón. Pero veña, imos nós ver dentro, e ti queda aquí. Se notas que algo nos pasa, vas correndo a Eiranova e avisas alguén, pero non llelo digas a todos cantos atopas, por exemplo, disllo só ao papá. Veña, imos ver que lle pasou a Pedro.

Páxina 128, exercicio 1:

Un folleto é un texto expositivo no que se presenta unha serie de información de forma sinxela, ordenada e clara. Podemos denominalo tamén díptico ou tríptico. Os obxectivos que se perseguen con el poden ser variados: informar, modificar unha actitude, adquirir un produto, visitar un lugar, participar nunha determinada actividade etc.

Exercicio 2:

_ *A ver se te sentas ben.*

Non estás incómodo?

Non sería mellor que sentases ben?

_ *Tedes algunha dúbida?*

_ *Poderíaste peitear?*

Creo que sería mellor que te fixases en como levas o pelo.

_ *Lévocho no recreo?*

Que che parece se cho levo no recreo?

_ Esa cor de pelo é diferente.

Gústame como tes o cabelo, esa cor de pelo é diferente, non?

_ Non me poderás deixar o teu libro de lectura?

Cando acabes de lelo, poderíasme deixar o teu libro de lectura, por favor?

Exercicio 3:

Un préstamo lingüístico é un elemento, xeralmente léxico, que unha lingua toma doutra mantendo a súa forma orixinaria ou adaptándoo ao seu propio sistema.